LICENZA DE FORMACIÓN 2014/15 (3º trimestre)

GUÍA DIDÁCTICA DE RECURSOS EDUCATIVOS

RECURSOS INTERACTIVOS PARA A MATERIA DE LINGUA E LITERATURA (1º E 2º DE ESO).

Belén Pérez Aldariz

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN 2

2. ASPECTOS CURRICULARES NOS QUE SE INCIDE 2

3. COMPENTENCIAS BÁSICAS 5

4. OBXECTIVOS 6

4.1. Secuencia 1.- Xéneros xornalísticos: noticias, reportaxes, crónicas 6

4.2. Secuencia 2.- Textos propios da vida cotiá do alumnado 7

4.3. Secuencia 3.- Webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. 7

4.4. Secuencia 4.- Modalidades oracionais 8

4.5. Secuencia 5.- Vocabulario 8

4.6. Secuencia 6.- Diversidade lingüística 9

4.7. Secuencia 7.- Variedades diastráticas e diafásicas 9

4.8. Secuencia 8.- Variedades diatópicas 10

4.9. Secuencia 9.- Textos literarios e non literarios 10

4.10. Secuencia 10.- Xénero lírico 10

4.11. Secuencia 11.- Xénero narrativo 11

4.12. Secuencia 12.- Xénero dramático 12

5. ACTIVIDADES 12

6. METODOLOXÍA E ORIENTACIÓN DIDÁCTICAS 17

7. AVALIACIÓN 18

1. INTRODUCIÓN

Ó abeiro da licenza de formación, publicada na Orde do 30 de abril de 2014, pola que se convocan licenzas por formación para o curso 2014/15, destinadas ao funcionariado docente non universitario e se aproban as súas bases de concesión, elaboránronse estes materiais didácticos, para a materia de Lingua e Literatura galegas, dirixidos a 1º e 2º de ESO, se ben moitos deles poden ser empregados, como sinalaremos despois, a xeito de actividades introdutorias ou de comprobación de coñecementos previos, noutros cursos.

Trátase dun conxunto de actividades, distribuídas en 12 secuencias didácticas independentes, que pretenden constituír un apoio ó profesorado para impartir os contidos que nelas se desenvolven; son, pois, un recurso máis que pode empregarse na aula, pero que, na nosa opinión, non debe ser o único, posto que non contemplan, por exemplo, actividades de creación de textos por parte do alumnado, o que, ó noso entender, resulta imprescindible en calquera materia, e máis nunha de carácter lingüístico como a nosa. Así pois, presentamos aquí uns recursos interactivos complementarios doutro tipo de actividades.

2. ASPECTOS CURRICULARES NOS QUE SE INCIDE

Os contidos que prescribe o Decreto Curricular Base da nosa materia (DOG nº136, do 13 de xullo de 2007, páx.12095) foron o punto de partida para a creación destes materiais; concretamente, traballouse sobre os seguintes bloques de contidos:

- Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir (comprensión de textos).
- Bloque 3. Funcionamento da lingua.
- Bloque 4. Lingua e sociedade.
- Bloque 5. Educación literaria.

Dentro de cada bloque, os contidos tratados foron os que a continuación se relacionan, vinculándoos xa ás secuencias didácticas correspondentes:

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir (comprensión de textos):

Secuencia 1.- Xéneros xornalísticos: noticias, reportaxes, crónicas

- "Comprensión de textos dos medios de comunicación, sobre todo de noticias relacionadas coa vida cotiá, atendendo ó lugar que ocupan na estrutura do xornal, á información dos feitos e ós elementos paratextuais" (1º ESO).
- "Comprensión de textos dos medios de comunicación, sobre todo de noticias, reportaxes e crónicas, relacionadas coa vida cotiá, atendendo ó lugar que ocupan na estrutura do xornal, á información dos feitos e ós elementos paratextuais" (2º ESO).

Secuencia 2.- Textos propios da vida cotiá do alumnado

- "Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como mensaxes de chat e de correo electrónico, normas e instrucións de uso." (1º ESO).
- "Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como diarios ou cartas persoais e solicitudes." (2º ESO).

Secuencia 3.- Webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.

- "Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos de carácter instrutivo e expositivo (incluídas webs educativas e información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes), 1º e 2º de ESO.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

Secuencia 4.- Modalidades oracionais

- "Recoñecemento das intencións comunicativas expresadas a través das modalidades oracionais" (1º ESO)

Secuencia 5.- Vocabulario

- "Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, coa incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula" (1º e 2º de ESO).

Bloque 4: Lingua e sociedade

Secuencia 6.- Diversidade lingüística

- "Coñecemento xeral da diversidade lingüística no mundo e no Estado español, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade" (1º ESO).

Secuencia 7.- Variedades diastráticas e diafásicas

- "Observación das principais diferenzas, contextuais e formais, entre usos de distintos niveis e rexistros, tanto na oralidade como na escrita." (1º ESO)

Secuencia 8.- Variedades diatópicas

- "Observación das principais diferenzas, preferentemente en textos orais, entre as variedades xeográficas da lingua galega." (2º ESO).

Bloque 5: Educación literaria

Secuencia 9.- Textos literarios e non literarios

- "Comparación entre textos literarios e non literarios e dos tres grandes xéneros" (1º ESO).

Secuencia 10.- Xénero lírico

- "Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de poemas recitados ou cantados, captando o uso dos recursos estilísticos principais do nivel semántico e os que conforman o ritmo poético" (1º ESO).

Secuencia 11.- Xénero narrativo

- " Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de diferentes textos narrativos breves, recoñecendo a funcionalidade dos elementos formais básicos" (1º ESO).

Secuencia 12.- Xénero dramático

- "Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de pezas teatrais, apreciando os seus componentes e procedementos máis relevantes" (1º ESO)

3. COMPENTENCIAS BÁSICAS

É evidente que as actividades elaboradas, dadas as características da materia á que pertencen, xirarán en torno á adquisición de habilidades comunicativas (comprensión de textos orais e escritos…), á reflexión sobre a lingua, ós contidos literarios…, isto é, estarán centradas na competencia na comunicación lingüística do alumnado.

Ademais disto, resulta tamén obvio, polo seu carácter de actividades interactivas, que contribuirán á adquisición da competencia referida ó tratamento da información e á competencia dixital.

Os contidos literarios traballados nestes recursos forman parte da cultura do país e son, pois, os encargados, entre outros, de axudar a adquirir competencia cultural e artística (conciencia e expresións culturais).

Por último, entendemos que as actividades propostas contribúen tamén a desenvolver a capacidade de aprender a aprender e fomentan a autonomía do alumnado, posto que, como despois explicaremos, poden ser realizadas por estes de xeito independente.

4. OBXECTIVOS

Os obxectivos perseguidos derivan, como é lóxico, dos obxectivos xerais da materia de Lingua e Literatura galegas, que non transcribiremos aquí, limitándonos a expoñer os obxectivos específicos de cada secuencia didáctica:

4.1. Secuencia 1.- Xéneros xornalísticos: noticias, reportaxes, crónicas

- Familiarizarse con conceptos pertencentes ó ámbito do xornalismo.
- Diferenciar e identificar as partes das que consta unha portada de xornal.
- Achegarse á distribución da información dos xornais en seccións.
- Indicar a que sección do xornal poden pertencer determinadas noticias.
- Comprender a relación entre o contido da noticia e os elementos paratextuais que incorpora, como fotografías ou gráficos.
- Comprender a información que achegan os titulares e distinguir os obxectivos dos valorativos ou subxectivos.
- Analizar a estrutura dunha noticia ou dunha reportaxe.
- Comprender a información que proporcionan distintos exemplos dos xéneros xornalísticos, tanto escrita como dos medios audiovisuais.
- Ampliar o vocabulario reflexionando sobre o léxico empregado en textos pertencentes ós xéneros xornalísticos.
- Identificar a resposta ós principais interrogantes dos xéneros xornalísticos.
- Identificar a estrutura básica, en canto á organización da información, nos programas radiofónicos.

4.2. Secuencia 2.- Textos propios da vida cotiá do alumnado

- Enviar unha mensaxe, a través do correo electrónico, manexando os campos imprescindibles e máis básicos.
- Identificar os elementos da comunicación que interveñen nesta situación.
- Seleccionar o rexistro axeitado para cada correo que se desexe enviar.
- Diferenciar fórmulas de encabezamento e despedida formais e coloquiais.
- Empregar as fórmulas axeitadas segundo o rexistro empregado.
- Identificar os barbarismos máis frecuentes no ámbito da informática e empregar os termos correctos.
- Identificar os anglicismos máis frecuentes no ámbito da informática, aceptados na nosa lingua.
- Interpretar os caracteres usados acotío na mensaxería instantánea, sendo coñecedores de que non son correctos desde un punto de vista ortográfico, gramatical…
- Coñecer e seguir unhas normas básicas de seguridade no uso das tecnoloxías.
- Reflexionar sobre as vantaxes das novas tecnoloxías e sobre os seus inconvenientes, especialmente no referente ós perigos que pode comportar.

4.3. Secuencia 3.- Webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.

- Procurar termos en dicionarios, glosarios… ou calquera outro formato que requira a busca por orde alfabética.
- Situar termos dados nunha serie, na orde na que aparecerían nun dicionario, enciclopedia…
- Identificar as características principais de glosario, dicionario e enciclopedia.
- Saber que tipo de obra empregar segundo a información que necesite procurar.
- Relacionar tipos de artigo co tipo de obra ó que poden pertencer.
- Interpretar a información que ofrecen as abreviaturas e outros elementos dos artigos lexicográficos dos dicionarios, enciclopedias…
- Seleccionar a acepción axeitada ó contexto.

- Comprender, de maneira práctica, o concepto de polisemia.
- Localizar unha información concreta en webs educativas.
- Coñecer o tipo de información que as webs educativas poden proporcionar.
- Vincular novas tecnoloxías e cultura galega eliminando calquera prexuízo que se puidera ter a este respecto.

4.4. Secuencia 4.- Modalidades oracionais

- Clasificar oracións segundo a actitude do emisor.
- Comprender que as modalidades oracionais non son excluíntes.
- Identificar distintas modalidades nun mesmo enunciado.
- Transformar oracións positivas a negativas realizando os cambios oportunos que afectan á colocación de pronomes, ós cuantificadores, ós adverbios…
- Clasificar oracións interrogativas nos seus diferentes tipos (total, parcial, directas, indirectas).
- Empregar a ortografía correcta ó empregar interrogativos.
- Transformar interrogacións directas en indirectas, modificando os elementos necesarios.
- Afianzar o uso dalgúns signos de puntuación propios das interrogacións directas (interrogación e dous puntos).
- Manexar correctamente os tempos verbais nas transformacións.
- Diferenciar intencións do falante nun contexto no que se empreguen as mesmas perífrases e complexos verbais.

4.5. Secuencia 5.- Vocabulario

- Ampliar vocabulario pertencente ós campos semáticos dos animais, os deportes, os transportes e as profesións.
- Empregar a correcta ortografía neste vocabulario, desbotando formas que, habitualmente, son usadas con ortografía incorrecta.
- Identificar e rexeitar os castelanismos usuais nestes campos semánticos.

- Comprender o significado de determinadas locucións populares nas que interveñen termos destes campos.
- Identificar e rexeitar prexuízos sexistas ó respecto de determinadas profesións.

4.6. Secuencia 6.- Diversidade lingüística

- Achegarse a conceptos básicos de sociolingüística como: lingua cooficial, materna, viva, morta, en perigo, transmisión xeracional…
- Apreciar a diversidade lingüística do mundo e os esforzos por recuperar as linguas como parte da cultura dun pobo.
- Ter unha visión xeral da situación lingüística mundial.
- Ubicar algunhas linguas nos países onde son empregadas.
- Ubicar linguas e dialectos no territorio español.
- Establecer relacións entre as diversas manifestacións culturais dun pobo: lingua, monumentos…, valorándoas como parte da súa riqueza.
- Coñecer a vitalidade dalgunhas linguas, incluíndo a súa presenza na rede.
- Interpretar gráficos con datos relativos á diversidade lingüística.
- Identificar e modificar ideas previas erróneas con respecto ó tema tratado.

4.7. Secuencia 7.- Variedades diastráticas e diafásicas

- Coñecer e identificar as características dos distintos niveis e rexistros da lingua.
- Establecer correspondencias entre termos de igual significado, pero de diferente nivel e rexistro.
- Clasificar palabras, expresións e textos breves (tanto escritos como orais) segundo o nivel e rexistro ó que pertencen.
- Ampliar o seu vocabulario.
- Empregar o nivel e rexistro correspondente a cada situación comunicativa.
- Escoller as palabras correctas, en canto ó rexistro e nivel, segundo o contexto.
- Evitar comodíns para achegarse a un rexistro máis formal e un nivel máis culto, empregando termos máis precisos.

- Coñecer o significado de determinadas expresións populares, así como o rexistro no que poden ser usadas.

4.8. Secuencia 8.- Variedades diatópicas

- Reflexionar sobre os prexuízos que afectan a determinadas falas.
- Identificar e rexeitar os propios prexuízos lingüísticos.
- Respectar calquera variedade xeográfica do galego.
- Identificar, en mensaxes orais, trazos dialectais como a gheada, o seseo ou o plural das palabras rematadas en –ón.
- Coñecer que existen fenómenos dialectais de carácter fonético, morfosintáctico e léxico, así como os trazos dialectais máis importantes dos tres tipos.
- Comprender mensaxes orais.
- Relacionar termos dialectais co fenómeno correspondente e ubicalos no bloque axeitado.
- Ubicar concellos galegos no bloque dialectal correspondente.
- Identificar as palabras que, normativas ou non, poden indicarnos a ubicación xeográfica dun texto.
- Identificar o bloque dialectal ó que pertencen textos orais.
- Identificar enunciados que pertencen a un mesmo bloque discriminando os de bloques diferentes.

4.9. Secuencia 9.- Textos literarios e non literarios

- Recoñecer as principais características dos textos literarios e non literarios.
- Diferenciar textos literarios de textos non literarios.
- Identificar os diferentes tipos de textos non literarios (cartas, solicitudes, instancias…).
- Identificar as principais características dos tres xéneros literarios esenciais.
- Diferenciar textos de xénero lírico, narrativo e dramático.

4.10.Secuencia 10.- Xénero lírico

- Comprender o contido xeral de textos poéticos.

- Identificar o tema dun poema.
- Descifrar determinados símbolos poéticos.
- Analizar a voz poética e identificar cambios na voz poética dentro dun mesmo poema.
- Estruturar un poema atendendo ó seu contido.
- Identificar e describir outros elementos (espazo, tempo…)
- Identificar recursos literarios como a personificación, paralelismo, imaxe, metáfora, antítese, comparación, onomatopea…
- Coñecer a denominación dos versos segundo o número de sílabas que conteñen.
- Coñecer e identificar as licenzas métricas: sinalefa, diérese, sinérese, hiato.
- Realizar o cómputo silábico tendo en conta estas licenzas métricas.
- Identificar palabras en rima.
- Clasificar a rima en asonante e consonante.
- Coñecer os tipos de estrofa máis habituais e as súas características: número de versos e esquema estrófico.
- Especificar o esquema estrófico dunha composición poética.
- Identificar a estrofa á que responde un determinado poema.
- Identificar as características do soneto e dun romance.

4.11.Secuencia 11.- Xénero narrativo

- Achegarse ós elementos propios das narracións: narador, espazo, tempo…
- Coñecer os principais tipos de narracións literaria: novela, conto, lenda.
- Estruturar un texto narrativo breve segundo unha orde lóxica.
- Identificar nun texto os elementos da narración.
- Identificar o tipo de narrador en diferentes textos.
- Comprender o contido de textos narrativos visualizados e/ou escoitados, e analizar os elementos da narración.
- Interesarse pola lectura de textos narrativos

4.12. Secuencia 12.- Xénero dramático

- Familiarizarse con termos básicos do xénero dramático e das representacións teatrais.
- Comprender o contido da representación dunha obra dramática.
- Interesarse pola lectura, interpretación e representación de obras dramáticas.
- Analizar as actitudes dos personaxes que interveñen nun obra de teatro
- Reflexionar sobre a información que poden achegar as anotacións.
- Clasificar as anotacións segundo o tipo de información que conteñen.
- Ler, coa entoación precisa, unha obra de teatro.
- Identificar as características lingüísticas das anotacións e dos diálogos.
- Analizar o espazo, e a súa representación no escenario, onde se desenvolve a acción.
- Deducir o tema, argumento… dunha obra teatral a partir dos vídeos promocionais.

5. ACTIVIDADES

O tipo de actividades deseñadas está en función dos contidos que se traballan en cada unha e das posibilidades que ofrecen os programas empregados; asemade, tratamos de que fosen variadas para que non resultasen monótonas para o alumnado. Deste xeito, deseñamos, entre outras:

Sopas de letras



Preguntas para seleccionar unha resposta



Actividades para encher ocos

Actividades de clasificación



Preguntas de selección múltiple



Exercicios de emparellar



Xogo do aforcado

Exercicios para relacionar (sinónimos, teoría e exemplo…)

Imaxes con determinados puntos para nomear

Textos para sinalar o que se demande

Cadros para completar

Xogo (Proxecto: Xogamos?)

O número total de actividades é 151, distribuídas do seguinte xeito:

SECUENCIA	NOME	ACTIVIDADES
1	Xéneros xornalísticos: noticias, reportaxes, crónicas	15
2	Textos propios da vida cotiá do alumnado	7
3	Webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias	10
4	Modalidades oracionais	7
5	Vocabulario	24+8+7+7
6	Diversidade lingüística	11
7	Variedades diastráticas e diafásicas	11
8	Variedades diatópicas	9
9	Textos literarios e non literarios	6
10	Xénero lírico	15
11	Xénero narrativo	8
12	Xénero dramático	6

6. METODOLOXÍA E ORIENTACIÓN DIDÁCTICAS

Como dixemos máis arriba, as actividades presentadas son de carácter práctico, e pretenden servir de apoio á aprendizaxe dos contidos que tratan; porén, en ningún caso, se intenta que sexan as únicas que o alumnado deba realizar, de feito, dadas as características dos programas empregados, en moitos casos será necesario que o alumnado traballe, ademais, na elaboración de textos propios, na exposición oral…

O uso que se lle pode dar a estas actividades pode sintetizarse do seguinte xeito:

- Comprobación da asimilación de determinados conceptos levándoos á práctica.
- A xeito de avaliación inicial para comprobar os coñecementos previos sobre un determinado aspecto curricular.

- Base da que partir para que o alumnado vaia adquirindo coñecementos e competencias dunha maneira práctica (explicación, corrección, guía… segundo se van realizando as actividades).

Por outra parte, as actividades adáptanse a diferentes metodoloxías en canto á agrupación do alumnado, posto que poden realizarse de xeito individual, en grupos e tamén son válidas para o traballo autónomo do alumnado, xa que poden comprobar se o resultado é correcto ou non.

7. AVALIACIÓN

As propias actividades indican, como dicimos, se se realizaron correctamente ou non; nos casos en que o alumnado tivese algún erro, dependendo do exercicio, pode acontecer o seguinte:

- Na actividade só hai dúas opcións; polo tanto, se unha non é correcta, significará que a outra si o é.
- É un tipo de exercicio no que, se non se sabe a resposta, pódense ir probando distintas opcións ata dar co resultado, isto é, require varios intentos por parte do alumnado.
- Ó non dar co resultado correcto, inmediatamente se ofrece a solución.
- A secuencia inclúe algunha actividade que, para un traballo individual, pode requerir que se indique a solución; nestes casos incorpórase un solucionario en PDF como un elemento da secuencia.

Polo que respecta á avaliación das propias actividades, será o propio alumnado, a través da súa actitude cara a elas, da aprendizaxe derivada da súa realización e das apreciacións manifestadas, quen nos indique a súa pertinencia e valía; deste xeito, ó poñelas en práctica durante o curso 2015-16, tomaremos as anotacións oportunas e, en función delas, realizaremos as modificacións necesarias, do que será informada a Consellería de Cultura e Educación (a través do CAFI ou do departamento que se indique) para o envío de tales modificacións.